

POLA DIGNIDADE E A XUSTIZA

As organizacións abaixo asinantes queremos dirixirnos ao Sr. Alcalde da Coruña e a todos os grupos municipais para que inclúan na súa liña de actuación na Corporación Municipal os temas relacionados coa recuperación da memoria histórica e a supresión da simboloxía franquista. Consideramos que, despois da “longa noite de pedra” da ditadura, é hora de recuperar a dignidade -derrogando todas as distincións honoríficas ás persoas máis significadas do levantamento militar fascista de 18 de xullo de 1936- e a xustiza, facendo un recoñecemento institucional e público ás persoas vítimas da represión franquista, que co seu sacrificio fixeron posíbel a conquista da democracia.

Solicitamos un compromiso público para defender os seguintes puntos que, por outra parte, son xa patrimonio común de todas as forzas políticas democráticas e progresistas. Esperamos que sexan atendidas as nosas peticións porque A Coruña non pode ser a capital da simboloxía franquista.

1. Revogación do acordo do Consello Municipal de 10 de outubro de 1936 que declaraba ao ditador Franco “fillo adoptivo e predilectísimo da Coruña”.
2. Retirada ao ditador Franco do título de “Alcalde Honorario da cidade”, concedido o 23 de xuño de 1939.
3. Retirada da estatua de Millán Astray.
4. Retirada da placa, nun lateral do edificio de Capitanía, que homenaxea a Cánovas Lacruz, militar ao fronte da guarnición militar da cidade, que se levantou en armas contra o réxime constitucional da República.
5. Retirada da simboloxía franquista do palacio municipal de María Pita: o escudo ilegal da ditadura, que está na vidreira da escaleira principal; a placa que lembra a inauguración desta escaleira por Franco e o baixorrelevo de madeira do Salón de Plenos no que aparece Franco de requeté, rodeado de fascistas e da Guarda Moura.
6. Cambio de nome de todas as rúas relacionadas co franquismo (Generalísimo, Mola, Sanjurjo, etc.) ou que homenaxean aos vencedores: Caídos, División Azul, etc.
7. Facer xestións ante a Xunta de Galicia e os distintos ministerios para que sexan suprimidos os escudos ilegais da ditadura de todos os edificios públicos, así como o nome de persoas relacionadas co franquismo.
8. Solicitar o cambio de nome do Hospital Juan Canalejo, que foi o fundador da Falanxe da Coruña, organización fascista que estivo ao fronte de numerosos crimes contra os demócratas e republicanos.
9. Facer unha declaración pública de condena do réxime franquista e de apoio ás vítimas da ditadura e ás súas familias.
10. Poñer o edificio que albergará a Casa Museo de Casares Quiroga, na rúa Panadeiras, a disposición das asociacións da cidade para a realización de actividades relacionadas coa recuperación da memoria histórica.

